



Resolución do expediente de aprobación do Proxecto de Ordenación, con código PO-00007873F(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal VENTOSA, Parroquia MOIA, Concello Navia de Suarna, Provincia Lugo .

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data 28/02/2018 tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación o expediente exposto con anterioridade. Previamente á tramitación do expediente tramitouse un procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinario que concluiu coa Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático en data 19/06/2019 en sentido favorable.

Segundo. A solicitude non inclúe novos modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos.

Terceiro. A documentación presentada está completa .

Cuarto. No plan Xeral do devandito instrumento aparece reflectido o obxectivo pastos.

Quinto. Seguindo o establecido no artigo 15 do Decreto 52/2014, procedeuse a requerir os seguintes informes:

- Informe do Distrito Forestal VII-A FONSAGRADA / OS ANCARES. Recibido con data 22/09/2019 e posto de manifesto ao solicitante con data 08/10/2019. Solucionado no trámite de audiencia

- Informe favorable do Servizo de Xestión Cultural. Recibido con data 03/08/2018

- Informe favorable do Servizo de Patrimonio Natural. Recibido con data 10/07/2018

- Informe favorable da Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Recibido con data 20/07/2018

Sexto. Con data 30/06/2020 procedeuse a darlle o trámite de audiencia segundo o artigo 82 da Lei 39/2015. O solicitante presentou as alegacións oportunas fronte as consideracións expresadas nos informes e aportou unha nova versión do instrumento subsanando as deficiencias atopadas.

Sétimo. A proposta asinada polo servizo de montes con data 30/11/2020 comunica que :

O instrumento cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e eleva o expediente á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que resolva a súa aprobación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia a competencia para resolver correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.





Segundo. O expediente foi instruído conforme ao disposto ao Decreto 52/2014 , de 16 de abril polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión de montes, e segundo o Decreto 50/2014, do 10 de abril polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal e seguindo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Polo anteriormente exposto, **RESOLVO:**

APROBAR a primeira presentación do Proxecto de Ordenación, con código PO-00007873F(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal VENTOSA, Parroquia MOIA, Concello Navia de Suarna, Provincia Lugo e autorizar a súa inscrición no Rexistro de Montes Ordenados, segundo o artigo 81.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, cunha vixencia ata o 1 de marzo do ano 2027 inclusive, co número de rexistro 2700307.

AUTORIZAR a inscrición no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo de 65,983 Ha do monte.

Esta resolución circunscríbese ás competencias dos organismos sectoriais da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias que outros organismos, nomeadamente os estatais, poidan ter sobre a materia.

Considérase incorporada a esta Resolución, a Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático con data 19/06/2019 sobre o proxecto de ordenación forestal MVMC de Ventosa, nas parroquias de Moia e Rao, Concello de Navia de Suarna (Lugo), promovido por la CMVMC de Ventosa e publicada no DOGA nº 127 en data 5 Xullo 2019, de conformidade co artigo 42 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA no prazo DUN MES dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural, ao abeiro dos art 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

Mediante este documento notifícaselle a CMVMC Ventosa esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Atentamente,

Chan Rodríguez, José Luis

Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Santiago de Compostela





DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO, RELATIVA Ó PROXECTO DE ORDENACIÓN FORESTAL DO M.V.M.C. DE VENTOSA, NAS PARROQUIAS DE MOIA E RAO, NO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA (LUGO), PROMOVIDO POLA C.M.V.M.C. DE VENTOSA (CLAVE 2018/0222).

De conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018¹, establece, no artigo 7.1.a), que os proxectos comprendidos no anexo I, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria na forma prevista na Sección 1ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O proxecto obxecto da presente resolución está incluído no anexo I, grupo 9, apartado a) punto 2º [Proxectos para destinar áreas incultas ou áreas seminaturais á explotación agrícola ou aproveitamento forestal madeireiro que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 10 ha], e polo tanto, correspóndelle someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Tendo practicando o referido procedemento, procede formular a súa declaración de impacto ambiental (DIA) conforme ó disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, modificada pola Lei 9/2018.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO E OS ELEMENTOS AMBIENTAIS DA CONTORNA

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a Comunidade de Monte Veciñal en Man Común (C.M.V.M.C) de Ventosa e o órgano substantivo a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería do Medio Rural.

1.2. Obxecto, localización e descrición do proxecto

A Comunidade de Monte Veciñal en Man Común de Ventosa, pretende levar a cabo un proxecto de ordenación do monte que afecta a 633,023 ha sobre un total de 1.214,07 ha de monte (superficie catastral). Dito proxecto abarca catorce cuarteis de ordenación, sendo as actuacións do cuartel 014 as únicas que necesitan someterse a avaliación ambiental, e que é obxecto desta Declaración de Impacto Ambiental. Consistiría na implantación de 42,44 ha de pasteiros en dito M.V.M.C de Ventosa, nas parroquias de Moia, Muñís e Rao, no termo municipal de Navia de Suarna (Lugo). Estas pradeiras serán destinadas ao pastoreo de gando vacún da raza Caldelá, catalogada como raza autóctona en perigo de extinción².

As actuacións localízanse entre as coordenadas UTM (ETRS89):

X: 669.343 m e X: 670.778 m

Y: 4.756.073 m e Y: 4.758.063 m

A conversión da superficie forestal a pasteiros supón as seguintes actuacións:

- **Roza mecanizada**, naquelas zonas con presenza de matogueiras. Levarase a cabo con tractor de rodas con apeiro triturador de cadeas ou martelos.

1 Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes e a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

2 Decreto 149/2011, do 7 de xullo polo que se establece o Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia



- **Labra do solo:** mediante un duplo pase de grade perpendicular entre si para eliminar a competencia e mellorar a estrutura do solo. Este labor é superficial, ata unha profundidade máxima de 10 cm, co obxecto de preparar o terreo para a sementeira.
- **Sementeira,** con sementes seleccionadas e plantadas de forma manual en compartimentos de plantación, que garante unha distribución uniforme das sementes e un menor impacto no solo.
- **Pase de pisón,** para compactar lixeiramente a capa superficial e reducir a súa capilaridade e así diminuír as perdas de auga no solo durante a fase de xerminación e nacemento das especies herbáceas plantadas.

Os traballos levaranse a cabo ao longo dos dez anos do Plan Especial, dentro do Proxecto de Ordenación do M.V.M.C. de Ventosa, sendo que a superficie total convertida a pasteiro será de 42,44 ha, executada en recintos illados e escalada no tempo (2018-2027). Na Táboa 1 móstrase a programación das actuacións ao longo do Plan Especial:

Año de actuación	Superficie (ha)
2018	6,18
2019	3,45
2020	5,51
2021	2,14
2022	3,29
2023	5,42
2024	3,58
2025	6,34
2026	3,03
2027	3,51
Total	42,44

Táboa 1. Programación da implantación dos pasteiros durante os dez anos do Plan Especial

De acordo coa Táboa 1, non se farán transformacións anuais de máis de 6 ha e no caso de que se superen as 5 ha, no ano seguinte a transformación non excederá de 3,5 ha. En canto ás distancias entre pasteiros, en anos consecutivos realizarase en superficies que estean a unha distancia mínima de 100 m, e no caso de superficies próximas (menos de 30 metros) realizarase transcorrido un mínimo de 2 anos.

O pastoreo será de rotación a partir do segundo ano de implantación (no primeiro ano non se segar a herba deixando que polo menos parte dela chegue a espigar) o que minimiza as actuacións de mantemento, ó quedar reserva de sementes no solo. No caso de que existan condicións desfavorables no pasto que impidan o seu aproveitamento, alternarase coa sega, o que evitará que este se desenvolva de forma irregular, en “macollas” ou terróns.

O abonado dos pasteiros farase coas propias dexeccións dos animais, e coa redistribución manual destas sobre a superficie dos pasteiros unha vez os animais abandonen dita parcela.

O acceso dos animais aos pasteiros levarase a cabo por sendeiros non permanentes, dunhas áreas de pastoreo a outras, seguindo o camiño máis curto. Preténdese así que o manexo do gando teña a mínima incidencia sobre o medio fóra da zona acoutada para os pasteiros.

En canto ás medidas de integración paisaxística, as actuacións realizaranse seguindo as curvas de nivel; deixarase corredores naturais entre as parcelas transformadas para evitar os fenómenos de illamento de poboacións de sotobosque; e comezarse a transformación por aquelas parcelas que teñan acceso directo dende o camiño ou sendas evitando ter que transitar por zonas de mato durante a execución, etc.

En caso de cese da actividade, retiraranse os peches ou outras estruturas que puidesen estar sobre o terreo, así coma calquera elemento non natural ou orixinado pola explotación gandeira que non resulte de interese para a súa persistencia no medio ambiente.





Dos restantes cuarteis de ordenación, seis teñen o obxectivo principal de produción de madeira. Tres deses cuarteis serán ordenados polo método do tramo único para as especies *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris* e *Pinus radiata* (cuartel 002, 003 e 004 respectivamente), e outros tres polo método de ordenación por rodais para as especies *Pinus pinaster*, *Pinus radiata* e *Pseudotsuga menziessi* (cuartel 005, 008 e 009, respectivamente). Os demais cuarteis están ocupados por masas de frondosas autóctonas xa consolidadas, ademais de rasos e matos, e neles o obxectivo principal será o protector. Os traballos proxectados nestas zonas serán de rozas, podas e clareos. Por último, proxéctanse outras actuacións na superficie do M.V.M.C., como son as melloras de pistas, roza de faixas auxiliares de pistas, melloras de puntos de auga e mantemento de devasas.

1.3. Principais elementos ambientais da contorna

A totalidade do monte está dentro da Zona de Especial Conservación (ZEC) “Os Ancares – O Courel”, con código ES1120001 da Rede Natura 2000 (en zona de conservación), así como dentro da Zona de Especial Protección dos Valores Naturais Os Ancares – O Courel” (código 1610100224) e da Reserva da Biosfera “Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá”.

De igual xeito, tamén estaría dentro das superficies clasificadas como “áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local das especies de aves” incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA). Pola contra, non hai constancia da presenza de ningún dos exemplares ou formacións incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

Os terreos suxeitos ao proxecto de ordenación están a pouco máis dun quilómetro da delimitación do actual Plan de Conservación do Oso Pardo, e dada a tendencia da especie nos últimos anos, non sería de estrañar a súa presenza, polo menos esporádica. Ademais, dita superficie de ordenación está incluída na proposta de Zona de Ampliación do Oso Pardo. Tamén se atopa na zona do lobo, zona II.

O inventario oficial dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural informa da presenza das seguintes unidades ambientais, cunhas superficies e presenza de especies que varían respecto dos datos do inventario forestal do proxecto de ordenación:

- Rasos coa presenza da UA dominados polo hábitat 4030 (UA310 E UA320): 412,93 ha
- Piñeirais (UA630): 144,5 ha
- Frondosas autóctonas con presenza de UA dominadas polo hábitat 9230 (UA411 e UA420): 37,04 ha
- UA425 “Bosques seminaturais de *Castanea sativa*” 13,96 ha, con presenza maioritaria do hábitat de interese comunitario 9260, denominado “*Bosques de Castanea sativa*”
- Superficies cunha teórica ausencia de hábitats de interese comunitario, que constitúen as unidades ambientais UA311 (Grandes superficies de matogueiras), UA530 (Mosaico rural con campos sen sebes) e UA540 (Mosaico rural de áreas de montaña), con 14,54 ha, 1,19 ha e 3,47 ha, respectivamente.

De acordo co EsIA, a superficie sobre a que se vai levar a cabo a implantación de pasteiros localízase integramente no grupo de Unidades Ambientais UA300, denominada “Matogueiras e medios rochosos”. E máis concretamente, a maior parte da superficie localízase na Unidade Ambiental UA310 “Grandes superficies de queirogais”. Nesta unidade, os principais hábitats de interese comunitario son:

- 3260 Ríos, de piso de planicie a montano con vexetación de *Ranunculum fluitantis* e *Callitriche-Batrachion*.
- 4020* Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*
- 4030 Queirogais secos europeos
- 6220* Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do *Thero-Brachypodietea*



- 8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
- 8220 Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica
- 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo – *Scleranthion ou do Sedo albi-Vernicion dillenii*

As actuacións descritas localízanse exclusivamente sobre o hábitat de interese comunitario “Queirogais secos europeos” (4030).

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia³, o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística das Serras Orientais, na comarca paisaxística dos Ancares – A Fonsagrada, a superficie afectada está dentro da área de interese paisaxístico denominada AEIP-01-12 “Os Ancares”.

Do punto de vista da orografía, o monte localízase na Serra de Liñares (sobre formacións meta-detriticas de permeabilidade baixa), na vertente noroeste da Serra dos Ancares, vertendo as súas augas ó Río de Moia con orientación predominante suroeste, que se localiza na marxe dereita deste. O río de Moia é tributario do río Navia pola dereita, dous quilómetros augas abaixo de Navia de Suarna. O río Navia transcorre cara o norte, onde desemboca no Mar Cantábrico, na poboación asturiana de Navia. A zona de actuación atópase na zona de maior altitude do monte, por enriba dos 800 m.s.n.m., chegando aos 1060 m na súa zona de maior cota. Na zona de transformación a pasteiros atopáranse o Rego Saldaña e o Regueiro da Costa, que verten ó “Arroio de Vesada Fonte”⁴.

A pendente da zona de actuación sitúase entre o 0 e o 15% de media, e sempre por debaixo do 30% de acordo ao recollido no Plan Director da Rede Natura 2000.

En canto ao risco de incendios, segundo o PLADIGA 2016 o termo municipal de Navia de Suarna está clasificado como Zona de Alto Risco de Incendios.

A meirande parte vese afectada polo TECOR Pena do Mouro con matrícula LU-10004, e é xestionada pola Asociación de Cazadores Pena do Mouro. No límite norte, próximo ó monte de Traserra, o aproveitamento cinxético corre a cargo do TECOR Becerral (Lu-10225) a cargo da Sociedade de cazadores de Becerral.

No EIIP recóllese que a 750 m da zona de actuación se identificou unha albariza, descrita como un elemento construtivo tradicional pero que non consta como elemento catalogado.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo do trámite de información pública e das consultas realizadas

De acordo co artigo 36 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, o órgano substantivo somete a información pública o proxecto e o estudo de impacto ambiental, quedando publicado dito anuncio no Diario Oficial de Galicia o día 06.07.2018. Simultaneamente, e de acordo co artigo 37, o órgano substantivo consultou ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Segundo o establecido no artigo 39.3 da Lei 21/2013, finalizado o trámite de información pública, o 02.11.2018 o Servizo de Montes de Lugo remite a este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, certa documentación do expediente do Proxecto de Ordenación, con código PO-00007873F e titulado Proxecto de ordenación forestal do M.V.M.C. de Ventosa, parroquia de Moia (Navia de Suarna), para dar inicio á análise técnico do expediente dentro do procedemento de avaliación ambiental ordinaria.

O 15.11.2018 o Servizo de Montes de Lugo remite o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural como parte do expediente ambiental do proxecto de ordenación anteriormente referido.

Revisada a documentación achegada, o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos solicita o día 22.11.2018, e previo a realizar a análise técnica do expediente, que o Servizo de Montes de Lugo inclúan nas consultas ós organismos

³ Aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016)

⁴ De acordo co Plan Hidrológico de la Demarcación Hidrográfica del Cantábrico Occidental cuxa revisión aprobada polo Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro.





interesados ó Concello de Navia de Suarna, para que se manifesten no marco das súas competencias sobre o proxecto en cuestión. Ademais, solicítaselles que o promotor acepte e incorpore os diferentes informes sectoriais recibidos ata o momento no EsIA.

O 25.03.2019 recíbese neste Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, o expediente ambiental completo do Proxecto de Ordenación, con código PO-00007873F e titulado Proxecto de ordenación forestal do MVMC de Ventosa, parroquia de Moia (Navia de Suarna), remitido polo Servizo de Montes de Lugo.

De acordo cos datos aportados polo Servizo de Montes de Lugo, da Consellería de Medio Rural a este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, detállanse a continuación os organismos consultados e a recepción dos informes:

Administracións públicas e público interesado	Recibido	Non recibido
Dirección Xeral do Patrimonio Natural	X	
Confederación Hidrográfica del Cantábrico	X	
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	X	
Instituto de Estudos do Territorio	X	
Concello de Navia de Suarna		X

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para o público en xeral a través da páxina web Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, non constando a recepción de ningunha resposta como resultado do trámite.

2.2. Resumo da análise do expediente

O expediente ambiental contén, entre outra documentación, os anuncios de exposición pública, os informes recibidos como resultado das consultas sobre o EsIA, o proxecto e documentación complementaria. No expediente remitido non constan alegacións de carácter ambiental.

Resúmense a continuación os informes recibidos:

- Estudo de Impacto ambiental e documentos do proxecto técnico que foron sometidos a consultas e información pública:
 - *“Estudio de impacto ambiental de la implantación de pastizales en el M.V.M.C. de Ventosa, Navia de Suarna (Lugo)”*
 - *“Estudio de impacto e integración paisaxística da implantación de pasteiros no M.V.M.C. de Ventosa, Navia de Suarna (Lugo)”*
 - *“Plan Especial 2018-2027: Proxecto de Ordenación forestal do M.V.M.C. Ventosa. Parroquia de Moia (Navia de Suarna – Lugo)”*.
- Copia das solicitudes de informe aos organismos consultados.
- Copia da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), do 6 de xullo de 2018.
- Informes sectoriais recibidos, copia das súas remisións ao promotor e respostas do promotor.
- Informe do Servizo de Montes sobre o trámite de avaliación de impacto ambiental ordinario do proxecto.

A continuación resúmense os informes recibidos:



- **A Confederación Hidrográfica do Cantábrico**, fai un resumo das actuacións que se van a levar a cabo no monte, especificando aquelas que fan con que o proxecto se teña que someter a avaliación ambiental ordinaria. Recollen tamén en dito informe que no EslA se analizan as afeccións de cada unha das actuacións previstas no proxecto sobre os diferentes elementos do medio, incluídas as afeccións ás augas, e que consideran que tanto o impacto da roza coma da labra e a sementeira son compatibles as alternativas estudadas, así coma as medidas preventivas e correctoras que se prevén adoptar. Do mesmo xeito, mencionan no seu informe que as medidas correctoras que se establecen no EslA van dirixidas a minimizar os impactos xerados polas actuacións, valorados como moderados, pero ningunha delas se destina expresamente a corrixir as afeccións sobre a hidroloxía superficial ou subterránea. En canto ó seguimento ambiental recollido en dito estudo, no informe menciónase o establecemento do control dunha serie de medidas correctoras, entre elas, o control do mantemento da maquinaria para que non se produzan verteduras incontroladas nin residuos, que tería como obxectivo evitar afeccións sobre a hidroloxía.

Ademais, as actuacións previstas nas parcelas obxecto de transformación a pasteiros pode afectar a masas de auga próximas como o Rego Saldaña e o Regueiro a Costa. Ambos os regos atópanse sobre a conca vertente á masa de auga superficial “Arroio de Vesada Fonte”, código ES0208MAR001940, tipo de ríos cántabro-atlánticos silíceos, cuxo obxectivo medioambiental para 2021 é manter o bo estado químico e ecolóxico alcanzado no período 2009-2015.

Finalmente, fan unha serie de consideracións de acordo coas competencias dese Organismo, propoñendo unha serie de medidas a fin de garantir o cumprimento da normativa establecida no PHCOC e a lexislación en materia de augas.

- **A Dirección Xeral de Patrimonio Natural**, achega no seu informe un resumo do proxecto, onde destacan que a vexetación de maior interese é a correspondente coas masas de frondosas existentes e as grandes superficies ocupadas por matogueiras xa que se corresponderían coa presenza dos hábitats de interese comunitario “Carballeiras galaico-portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (código 9230) e “Queirogais secos europeos” (código 9230). O inventario oficial dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural informa, tamén, da presenza dunha serie de unidades ambientais, cunhas superficies e presenza de especies que varían respecto dos datos do inventario forestal do proxecto de ordenación, e que se indican no punto 1.3 desta DIA.

Continuando coa análise da documentación, o estudo de impacto ambiental remitido recolle unha serie de especies con presenza na ZEC “Ancares-Courel”, baseado no Inventario da Biodiversidade do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, mais, de acordo con esa DX, no estudo de impacto ambiental apenas analizan os posibles impactos da implantación de pasteiros ó oso pardo, á charrela (*Perdix perdix*) e á gatafornela (*Circus cyaneus*), non contando dita DX con información posible de especies protexidas con presenza na zona a ordenar.

Conclúen, que na execución daquelas actividades segundo a planificación do proxecto remitido e consideradas como permitidas pola regulación de usos do Plan Director, non serían esperables afeccións apreciables ó medio natural xa que de acordo co artigo 25 serían “aquelas de carácter tradicional que son compatibles coa protección do espazo natural porque non causan afección apreciable” e “Compatibles cos obxectivos da declaración das ZEC e ZEPA”. Engaden que a superficie total de transformación do hábitat 4030 (42,44 ha) supón unha porcentaxe moi reducida (0,12%) da superficie deste hábitat na ZEC “Ancares-Courel”. Dende a entrada en vigor do Plan Director e ata o día de hoxe soamente se autorizaron actividades que implicasen a transformación do hábitat 4030 na ZEC “Ancares-Courel” nunha superficie de 147,97 ha, o que supón o 0,43% da superficie total deste hábitat.

Mesmo así, establecen unha serie de condicionantes ambientais que se deberán de cumprir, tanto na execución dos traballos de mantemento das infraestruturas existentes coma nos tratamentos silvícolas sobre as masas de frondosas autóctonas existentes e no referente á implantación de novos pasteiros previstos.

Con respecto ó plan de seguimento que figura no EIA, a DX de Patrimonio Natural considera que non é válido para comprobar o cumprimento das medidas correctoras propostas, solicitando a incorporación doutros indicadores máis axeitados para o control dos traballos a executar. O promotor responde a tal demanda, entregando unha addenda ó plan de seguimento e control no que inclúe as medidas de seguimento e control que levarán a cabo previo á realización das actuacións, e no que se compromete tamén a respectar en todo o momento o modo, emprazamento e cronoloxía proposta no citado proxecto de ordenación.

En función de todo o exposto, a DX de Patrimonio Natural, dentro única e exclusivamente das súas competencias informan favorablemente do proxecto de Ordenación do M.V.M.C. de Ventosa (PO-00007873F) e da autorización por parte da DX de Patrimonio Natural, unha vez superado o procedemento de avaliación ambiental, dos cambios de cultivo sobre as 42,44 ha previstas no próximo Plan Especial deste proxecto de ordenación.





- **A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, informa que no ámbito do M.V.M.C. de Ventosa localízase o xacemento arqueolóxico Castro de Larxantes (GA27034025), que forma parte do Catálogo das NNCCSS de planeamento do ano 1991 e, en base ao establecido na DA 2ª da LPCG forma parte do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. O xacemento arqueolóxico e o seu contorno de protección están delimitados no Plan Básico Autonómico (PBA). As actuacións previstas neste proxecto de ordenación non inciden sobre o xacemento nin sobre a súa área de protección.

Visto o anterior, a DX de Patrimonio Cultural informa favorablemente o EIA e o Proxecto de ordenación forestal do M.V.M.C. de Ventosa (Navia de Suarna, Lugo), dado que as actuacións previstas son compatibles coa protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

- **O Instituto de Estudos do Territorio**, informa, que a documentación achegada polo promotor inclúe un EIIP, onde se caracteriza a paisaxe da zona afectada, se establecen os condicionantes técnicos e o programa funcional da actividade, se analizan os potenciais impactos do proxecto e se establecen medidas e estratexias de integración paisaxística.

Recollen no informe que de acordo co EIIP, as parcelas obxecto de cambio de uso están ocupadas maioritariamente por mato con uso como pasto, afloramentos rochosos e pequenas manchas de arboredo disperso ou en sebes, e fóra do uso que fai o gando, o único manexo actual dos matos consiste na apertura de rozas en faixas continuas para prevención de incendios. Porén, de acordo coa información ortofotográfica dispoñible, constátase que boa parte das parcelas afectadas xa están rozadas na actualidade polo que dita caracterización paisaxística dos recintos afectados non está actualizada.

Unha vez analizado o EIIP, consideran que este é completo e contempla unha serie de medidas preventivas e correctoras orientadas a minimizar o impacto da roza e integrar as novas coberturas nas texturas da paisaxe sen diminuír o valor estético e cromático da contorna, polo que consideran que o proxecto non presentará unha forte incidencia paisaxística xa que as medidas recollidas en dito EIIP resultan axeitadas para minimizar impactos. Aínda así, lembran que o recente manexo do ámbito do proxecto non se axusta ós criterios de integración do plan, na medida en que foron ampliadas as superficies dos recintos de roza respecto dos previstos na ordenación e non se respectaron os corredores de mato entre pasteiros. Polo tanto, o proxecto deberá incorporar medidas de transición, establecendo un plan de restauración das coberturas de mato, tanto dos corredores entre pasteiros como dos espazos exteriores aos recintos propostos.

O promotor responde a este informe recollendo fragmentos do EIIP e do EsIA no que se explica que a superficie actual de pasteiros se debe a que as manchas de mato están sendo pastadas de xeito incontrolado polo gando, ó que lle habería que sumar as rozas en zonas continuas de mato de cara á prevención de incendios. Engaden tamén que o feito de que o gando teña que alimentarse do ramalleo do mato provoca que o mato estea alterado e que se produzan discontinuidades nel, ademais de non ter o gando o potencial produtor que debería de ter no seu hábitat.

Polo tanto o que propoñen é precisamente que algunha desas manchas de mato se transformen en pasteiro protexendo outras, creando corredores naturais a onde os animais non terán acceso protexendo o mato fóra dos pasteiros. Con iso conséguese que os hábitats de mato (queirogais secos europeos) non queden illados e polo tanto evítase a súa fragmentación. En base a isto, e de acordo co solicitado polo Instituto de Estudos do Territorio elaboran o Plan Estratéxico de Restauración do Mato, onde recollen unha serie de medidas de transición a considerar.

3. ÁMBITO DA DIA E CONDICIÓN AMBIENTAIS. ANÁLISE TÉCNICA DO PROXECTO

3.1. Ámbito da DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que esta declaración de impacto ambiental refírese ás accións derivadas da implantación de pasteiros para o aproveitamento por gando vacún da raza caldelá, e que constitúen o cuartel 014 do proxecto de ordenación do MVMC de Ventosa, no termo municipal de Navia de Suarna.



Tras realizar a referida análise do expediente, establécense as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no ESlA e a restante documentación avaliada:

3.2. Protección da atmosfera

1. A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV en vigor.
2. Intentarase que as actuacións se leven a cabo en días de pouco vento, para reducir a xeración de po e perda de solo.
3. Co obxectivo de diminuír as molestias por ruído, evitarase a realización dos traballos mecanizados durante o período nocturno, debendo respectar os horarios de descanso da poboación máis próxima.

3.3. Protección das augas e leitos fluviais

1. De cara a evitar os impactos potenciais sobre a rede de drenaxe superficial e o dominio público hidráulico:
 - Deberanse respectar en todo o momento os réximes de correntes das masas de auga afectados, así como o desenvolvemento dos usos regulamentariamente establecidos para o dominio público hidráulico e as súas zonas de afección.
 - Evitaranse os cruces con cursos de auga. Cando non sexa posible por motivos técnicos, estudaranse aquelas zonas de paso sobre as que se produza menor afección como estreitamentos das canles ou zonas de vexetación de ribeira escasa e/ou deteriorada. Evitarase do mesmo xeito o emprego de maquinaria pesada nas ribeiras e controlaranse tránsitos ou manobras innecesarias.
 - Prohibirase o establecemento de vertedoiros de materiais sobranse sobre o dominio público hidráulico e a deposición de residuos vexetais ou de materias inertes en puntos desde onde sexa posible o seu arrastre ata as canles ou marxes.
 - Periodicamente procederase á limpeza e retirada de posibles acumulacións de restos de vexetación que poida obstaculizar o fluxo natural das augas superficiais.
2. De cara a evitar impactos sobre a calidade da auga superficial e subterránea, tanto por verteduras accidentais coma por turbidez:
 - Evitarase calquera tipo de depósito de materiais ou residuos na proximidade de canles, zonas de escorrenta ou de recarga de acuíferos.
 - Nas situacións previstas que impliquen o emprego de maquinaria débese establecer un sistema para a xestión dos produtos residuais (aceites, combustibles, restos de formigón, escombros, etc.) de acordo coa normativa aplicable. Lémbrese que está prohibido o vertido directo ou indirecto de augas e de produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que se conte coa autorización administrativa previa ⁵.
 - Non se permitirá o lavado de equipos ou maquinaria en obra, estas deberán ter lugar en instalacións habilitadas ou en áreas de lavado no entorno inmediato.
 - No caso de producirse algún vertido accidental, tanto directo coma indirecto, haberá que comunicar dito feito á Confederación Hidrográfica do Cantábrico así coma as medidas adoptadas para minimizar a afección ás augas superficiais e subterráneas.
3. Coa finalidade de evitar os impactos sobre a vexetación de ribeira:

⁵ Artigos 97 e 100 da Lei de Aguas





- No caso de que durante a execución dos traballos se producisen afeccións á vexetación de ribeira ou ás marxes, procederase a realizar os traballos de restauración de ribeiras e protección de marxes que resulten necesarios para devolver ó curso fluvial ás súas condicións iniciais.

4. No caso de que algunha das actuacións proxectadas en calquera dos plans previstos nos proxectos de ordenación afectase a algunha canle ou se localizase nas súas zonas de protección (servidume e policía), a execución das mesmas requirirá a obtención da autorización administrativa previa do Organismo de conca.⁶

5. En caso de que durante a execución do proxecto se detecte calquera tipo de afección a dereitos de uso privativo das augas inscritos no Rexistro de Augas da Confederación, o promotor deberá acometer as medidas necesarias para evitar ou minimizar as mesmas. En todo caso, e con independencia da responsabilidade administrativa na que puidera incurrir, terá que compensar os eventuais danos producidos ós titulares de tales dereitos.

3.4. Protección do solo e infraestruturas

1. Minimizar o movemento de terras e a afección ó solo, evitando a inversión de horizontes. As actuacións de labra levaranse a cabo coa técnica da mínima labra posible.
2. Contemplaranse as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar derrames de aceites, carburantes ou outros compostos contaminantes ao solo. Prestarase especial atención ao parque de maquinaria e ás zonas de tránsito dos vehículos.
3. Deberanse adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito da maquinaria, evitando a erosión e o posible arrastre de materiais coa auga de escorrenta.

3.5. Xestión de residuos

1. Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante todas as fases do proxecto.
2. Os restos vexetais xerados serán triturados preferentemente, mediante pase de rozadoira e posteriormente distribuídos polo terreo.
3. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución, mantemento ou no seu caso, desmantelamento, deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte ao vertido. Do mesmo xeito tampouco se pode facer calquera tipo de vertedura de residuos independentemente da súa natureza en todo o entorno de actuación, sendo o seu destino os xestores autorizados.
4. As actividades de mantemento da maquinaria empregada farase en lugares adaptados para tal fin.
5. Os posibles residuos perigosos e non perigosos xerados deberán estar debidamente identificados e almacenados de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos.

3.6. Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

1. Na execución dos traballos de mantemento das infraestruturas existentes (pistas e devasas) deberán cumprirse os condicionantes recollidos no epígrafe 60.2.1) do Plan Director.
2. Na execución dos traballos silvícolas sobre as masas de frondosas autóctonas existentes deberán cumprirse as seguintes condicións:

⁶ O modelo oficial de solicitude de autorización das obras está dispoñible na páxina web do Organismo de conca xunto coa folla informativa na que se indica a documentación que se deberá acompañar.



- No caso de existir, deberase de manter a vexetación de maior porte, que proporciona sombra aos animais e favores os corredores ecolóxicos.
- Soamente se realizarán as rozas mecanizadas nos rexenerados de frondosas caducifolias nas que as matogueiras existentes sexan de tipo heliófilo e serial (*Erica sp.*, leguminosas como *Cytisus sp.*, *Genista sp.* ou *Ulex sp.*). Pola contra a eliminación do sotobosque en masas de tipo climácico ou en estadios próximos a este considéranse que incidiría negativamente no estado de conservación dos hábitats de interese comunitario presentes (9230 e 4030).
- Os traballos non alterarán ou afectarán a especies protexidas incluídas no catálogo galego ou nacional de especies ameazadas ou aquelas outras que teñan algún grao de protección pola lexislación vixente.
- Os traballos non abrirán claros de importancia, de xeito que a fracción de cabida cuberta non diminúa en máis do 30% da existente antes da corta. Esta apertura de ocos de ata o 30% de espesura será distribuída homoxeneamente en toda a superficie arborada da parcela. En todo o caso, a espesura despois da corta non será inferior ao 60%, no caso de non acadar este valor non se actuará.
- Deberase manter a diversidade específica da masa, de xeito que non se incida en maior medida sobre especies con menor valor económico pero que teñen grande importancia do punto de vista ecolóxico, como son as abeleiras, espiños, capudres, sanguíños, etc.
- Deberanse respectar os pés das especies típicas de ribeira, no caso de que a zona de actuación inclúa algún curso de auga.

3. No referente á implantación de novos pasteiros previstos:

- Os peches das novas zonas de pasto creadas deberán cumprir cos condicionantes recollidos no epígrafe 68.1.b) 5º do Plan Director da Rede Natura 2000.
- A pendente das zonas de actuación será inferior ó 30%.
- As superficies a transformar, en coto redondo serán inferiores a 10 ha por ano e non se volverá a actuar sobre a mesma superficie durante os 10 anos do Plan Especial.
- As transformacións que se realicen en anos consecutivos non serán contiguas no terreo e as manchas de actuación quedarán separadas en todo momento por corredores naturais para evitar a fragmentación do hábitat 4030 e facilitar a conectividade para a fauna.
- Non se actuará nas proximidades de zonas de acumulación de fluxo, respectando as zonas húmidas coa posible presenza doutro tipo de hábitats.
- Os peches temporais que se realicen para o manexo do gando, realizaranse con estacas de madeira e arame sen supoñer un obstáculo ó tránsito da fauna silvestre. Estes cerramentos redundarán na maior protección das zonas limítrofes non destinadas a pasto.

4. De xeito xeral, garantirase a conservación dos exemplares de especies de flora e fauna incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas que puideran estar presentes na zona de actuación, cumprindo as obrigas establecidas a este respecto no artigo 51 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Terase tamén en conta as obrigas establecidas nos artigos 54.5 e 57 da Lei 42/2007, relativas á conservación da flora e fauna silvestres.

5. Se durante a execución das actuacións aparecen afeccións ao medio natural non contempladas anteriormente, deberase paralizar e informar de maneira inmediata ó Servizo de Conservación da Natureza de Lugo para a avaliación e tratamento das mesmas.

3.7. Integración paisaxística e restauración

1. Co fin de garantir unha axeitada integración paisaxística, terase especial coidado na aplicación das medidas protectoras, correctoras e de restauración e integración paisaxística que figuran no Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP).





2. Establecerase un Plan de Restauración de cobertura de mato que será enviado ao Instituto de Estudos do Territorio previo ó inicio das obras e con copia a este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos para poder incorporalo no expediente, co fin de que se restauren as áreas de mato que non serán convertidas en pasteiros e asegurar así, a continuidade da masa e a súa función como corredor ecolóxico.

3.8. Plan de vixilancia e seguimento ambiental

1. Deberáselle achegar á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, previo ó inicio das obras e con copia a este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos para poder incorporalo no expediente, un Plan de Seguimento Ambiental con indicadores que permitan controlar os traballos a executar.

O obxecto deste plan é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras que figuran na documentación avaliada e no condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O plan debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se teñan previstas, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberáselle incorporar os controis e estudos necesarios para adaptalo aos condicionantes que se derivan desta DIA. Na redacción do programa fixaranse segundo a fase -instalación, explotación ou abandono-, a periodicidade, os indicadores e limiares que se vaian utilizar en cada caso.

3.9. Outras condicións

1. A fertilización das praderías será unicamente orgánica e en fase sólida.



4. PROPOSTA

Logo de examinar toda a documentación que constitúe o expediente ambiental, este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, considera que o proxecto é ambientalmente viable. Ademais das condicións e medidas incluídas no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, cumpriranse as que se recollen ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre elas, prevalecerá o disposto nesta proposta de DIA.

O xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

Manuel Díaz Cano

(asinado dixitalmente)

Esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, visto todo o que antecede e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **RESOLVE** formular a declaración de impacto ambiental FAVORABLE para o proxecto, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, o órgano ambiental poderá ditar condicionados adicionais aos anteriores.

Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáse notificar previamente a esta dirección xeral, a través do órgano substantivo, para que esta o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle, ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

Esta declaración de impacto ambiental farase publica a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura)

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

(asinado dixitalmente)

